




Colabora

Grupos de Cantareiras de:
Arume de Verdillo
Nemeth
San Campio de Cances
O Candil de Sisamo
Coro Aires de Bergantiños
As Tocadoras do Alprende



Organiza

xoves
30
20:00

Presentación Cancioneiro Galego
Serodio de Xabier Díaz
Pazo da Cultura

ABRIL

venres
2
17:00

Foliada nos centros: Coro Aires de
Bergantiños

venres
2
20:00

Residencia de Maiores e Domus VI
Proxección documental ‘Lévame a
idea’

venres
3
11:00

Xornadas
‘Vivan as do meu lugar’
Pazo da Cultura

venres
3
20:00

Concerto
‘Canta, miña compañeira’
Pazo da Cultura

luns
5

‘Coa pandeireta na man’
de María Faltri

escolar

Centros de ensino de primaria de Carballo

venres
9
20:30

‘Efémeras’
de Cantometrics
Pazo da Cultura

sábado
10
18:30

Somos porque foron...
Ruada das Cereixas
Moucho de Verdillo

xoves
15
20:30

‘As fillas bravas de Momán 2025’
de Grupo Chévere
Pazo da Cultura

venres
16
18:00

Exposición
‘Letras Cantadas’
Escolas do Xardín Agra de Caldas

venres
16
20:30

Concerto das Letras Galegas 2025
Consello da Cultura Galega
Pazo da Cultura

sábado
17
11:00

43 Concurso infantil de pintura e
debuxo ‘Luís Calvo’
Praza do Concello

domingo
18
18:00

Presentación libro ‘Cantareiras’
de Xosé M. Varela e Icíá Varela
Local social de Cances

luns
19
escolar

Foliada nos centros: Tocadoras do
Alprende e Cantareiras de Nemeth
IES de Carballo

sábado
30
11:00

Encontro Bergantiñán
Praza do Concello

Programa
Letras
Galegas
de Carballo

CANTA
MIÑA
COMPAÑEIRA

Maio 2025



Xoves 30 Abril
Presentación do libro de Xabier Díaz
‘Cancioneiro Galego Serodio (1989-2012)’
Xabier Díaz pon o foco nas informantes para dar merecido recoñecemento e, neste ano de celebración, outorgar todas as laudatios que moitas das veces non recibiron en vida.

Pazo da Cultura
20:00h
Entrada libre e gratuíta ata completar aforo
Organiza: Concellaría de Cultura
Colabora: Deputación da Coruña



MAIO
Venres 2
Foliada nos centros: Coro Aires de Bergantiños
17:00 h Residencia Domus VI (Pedra Furada)
18:00 h Residencia de Maiores de Carballo (Praza de Vigo)
Entrada libre e gratuíta ata completar aforo
Organiza: Concellaría da Cultura
Colabora: Coro Aires de Bergantiños

Proxección do documental ‘Lévame a idea’

Coloquio con Vanesa Siso, Laura Varela e Iria Villares (directoras). Este documental é un recoñecemento ás creadoras e divulgadoras da música de tradición oral galega, auténticas protagonistas na creación, recuperación e divulgación da música de tradición oral e a poesía popular galega.



Pazo da Cultura
20:00h
Entrada libre e gratuíta ata completar aforo
Organiza: Concellaría de Cultura

Sábado 3
‘Vivan as do meu lugar’

Xornadas ‘Vivan as do meu lugar’
Un encontro para poñer en valor o papel das asociacións e agrupacións de música tradicional de Carballo e de Bergantiños na conservación do patrimonio tradicional musical e oral.

11.00 h **Un novo mapa**
Encontro de artistas. Con Alana, Mercedes Peón, Su Garrido Pombo e De Ninghures.

13.00 h **Vermú con libros**
Presentacións do libro *‘Somos Pandeireteiras’*, da asociación Somos Pandeireteiras, a cargo de Mercedes Peón e Selina Otero; e da colección *‘Chave Mestra’* de aCentral Folque, a cargo de Ramón Pinheiro.

16.00 h **A importancia das asociacións locais na preservación do repertorio tradicional de Carballo e comarca.**
Representantes das asociacións AC Arume de Verdillo, AC Nemeth, AC San Campio de Cances, AC Escola do Alprende e o Coro Aires de Bergantiños.

18.00 h **Que fas o domingo? Novos xeitos de compilar e difundir a música de tradición oral.**
A cargo de Miguel B. Lesta, compilador.

Pazo da Cultura
11:00 h
Inscripción previa en vivanasdomeulugar@gmail.com
Organiza: Concellaría de Cultura

Concerto ‘Canta, miña compañeira’
Cantareiras de Arume de Verdillo, Cantareiras Axouxeres e Ferreñas Temperadas, de Nemeth, Cantareiras de San Campio de Cances, Cantareiras do Candil e As Tocadoras do Alprende.

Pazo da Cultura
20:00 h
Entrada libre e gratuíta ata completar aforo
Organiza: Concellaría de Cultura

Luns 5 (continúa os días 6 e 7)
‘Coa Pandeireta na Man’ de María Faltri
A través deste espectáculo musical, lúdico e participativo, que rende homenaxe ás cantareiras, o alumnado terá a oportunidade de achegarse á riqueza da música tradicional galega e á importancia da tradición oral.

Centros de ensino de primaria de Carballo
Horario escolar
Organiza: Concellaría de Cultura

Venres 9
‘Efémeras’ de Cantometrics
Este concerto de música tradicional inspirado nas obras fotográficas de Ruth Matilda Anderson abre as fronteiras a outras posibilidades sonoras incorporando o folk ou a música electrónica, nunha linguaxe acorde coa estética musical do século XXI. Unha creación musical baseada na imaxe e na videocreación a cargo de cinco músicos galegos, algúns dos cales están vencellados a Carballo.



Pazo da Cultura
20:30h
Entrada 5€/3€ (www.billeteira.carballo.gal)
Organiza: Concellaría de Cultura
Colabora: Deputación da Coruña

Sábado 10
‘Somos porque foron...’ Ruada das cereixas
Moucho de Verdillo
18:30h
Organizan: AC e AX Arume de Verdillo

Xoves 15
‘Fillas Bravas de Momán 2025’ de Grupo Chévere
As Fillas Bravas son tres mulleres que tocan e cantan o que lles peta, porque son fillas do vento, cantoras dunha estirpe de voces furtivas que berran entre raposos. Elas veñen a reafirmar modelos apoderados de muller, vencellados a expresións culturais tradicionais que agochan cantos de rebeldía insospeitados, creando e transmitindo un tremendo repertorio de creatividade colectiva arredor da música, o baile e o canto.

Esta divertida proposta escénica é unha festa colectiva creada por unha das compañías de teatro galegas máis importantes, protagonizada por Patricia de Lorenzo, Mónica García e Arantza Villar.



Pazo da Cultura
20:30h
Conta con adaptación á lingua de signos
Entrada 5€/3€ (www.billeteira.carballo.gal)
Organiza: Concellaría de Cultura.

Venres 16
‘Letras Cantadas’

Exposición ‘Letras Cantadas’
O Concello de Carballo rende homenaxe a varias das cantareiras máis emblemáticas do municipio, referentes dunha xeración de mulleres que fixeron da voz un vehículo de memoria, identidade e resistencia. A exposición recoñece tamén o labor das asociacións culturais que, hoxe, manteñen viva esta tradición e sementan o futuro con novas voces. Música e literatura entrelázanse neste percorrido polas letras cantadas, para lembrar que a palabra naceu cantada, e que, grazas a estas mulleres, segue viva, vibrante e presente.

Escolas do Xardín Agra de Caldas
18:00h Acto de inauguración
Organizan: Concellarías de Mocidade, Normalización Lingüística e Cultura.
Colaboran: AC San Campio de Cances, AC Nemeth, AC Escola do Alprende, AC Arume de Verdillo e ACDR Baldaio.
Entrada libre.
Horarios: Venres-Domingo 10h-13h ata 1 de xullo.
Día das Letras Galegas 10h-13h e 17h-19h

Concerto das Letras Galegas 2025
Consello da Cultura Galega
As cantareiras e a poesía popular oral
O Consello da Cultura Galega únese á celebración do Día das Letras Galegas con esta cita anual que une música e palabra e que nesta ocasión, na que homenaxeamos as cantareiras e a poesía popular oral, se celebra en Carballo, en recoñecemento da riqueza deste patrimonio inmaterial no noso municipio e comarca. Once artistas procedentes da música tradicional, da música popular e da música moderna conforman Do Bertau, un grupo creado expresamente para o Concerto das Letras Galegas 2025 co fin de render a súa particular homenaxe

ás cantareiras e á poesía popular oral a través dun repertorio musical que comeza e remata na Costa da Morte. Con Mens e as súas pandeireteiras como lugar de partida, o percorrido lévanos por toda a xeografía galega: das terras do sur de Ourense cos canteiros de Faramontaos ao canto de Nadal de Adolfina e Rosa na comarca de Cerceda; das mulleres de Gharghamala en Mondariz aos cantos de Cervantes, na montaña luguesa, con parada no Soutomaior de Maruxa das Cortellas antes de regresar a Camariñas. Unha viaxe a través do tempo e dos sons que configuran a banda sonora da nosa vida cotiá, cunha envoltura contemporánea a través da sonoridade do jazz. O Concerto das Letras Galegas 2025 está organizado polo Consello da Cultura Galega e conta coa colaboración do Concello de Carballo.

Do Bertau: Carme da Pontragha, Maca do Pinheiro, Uxía da Pontragha, Tanea, Yudit Almeida, Alvaro Trillo, Fran Trashorras, Javier Pereiro, Marcos Cives, Xosé Luís Miranda e Richi Casás.

Pazo da Cultura
20:30h
Entrada libre e gratuíta ata completar a capacidade da sala.
Recoméndase reserva previa en <http://billeteira.carballo.gal>
Organiza: Consello da Cultura Galega
Colabora: Concellaría de Cultura



Sábado 17
43º Concurso Infantil de pintura e debuxo ‘Luis Calvo’
Praza do Concello
11:00h
Organiza: AC Lumieira
Colaboran: Fundación Luís Calvo e Concello de Carballo

Domingo 18
Presentación do libro ‘Cantareiras’ de Xosé M. Varela e Icíá Varela
Local Social de Cances
18:00h
Entrada libre e gratuíta ata completar aforo.
Organiza: AC San Campio de Cances.

Luns 19 (continúa ata o xoves 22)
Foliada nos Centros: As Tocadoras do Alprende e grupo Cantareiras de Nemeth
Os grupos de cantareiras de Carballo serán os encargados de achegar a nosa tradición oral musical aos centros de ensino secundario.

IES de Carballo
Horario escolar
Organiza: Concellaría de Cultura
Colaboran: AC Nemeth e AC Escola do Alprende

30 venres
Encontro Bergantiñán
Homenaxe dos centros educativos ás cantareiras a través da música e baile.
Praza do Concello
Organizan: IES Monte Neme, I. Parga Pondal, Alfredo Brañas, Eduardo Pondal (Ponteceso)
Colabora: Concello de Carballo

e ademais...
Mércores 21
Concerto didáctico do Conservatorio P. de Música de Carballo, acompañado do IES Isidro Parga Pondal
Para o alumnado de primaria de Carballo
Pazo da Cultura
11:00 e 12:30
Organizan: Conservatorio de Música de Carballo e IES Isidro Parga Pondal

Venres 23
Vagalume Animación e Grupo Teatro de Bergondo
Teatro afeccionado *‘Imos de acampada’*.

Sábado 24
Vagalume Animación e Grupo Teatro de Ordes
Teatro afeccionado *‘O anel máximo’, ‘En Prisión’ e ‘Toc Toc’*.
Pazo da Cultura
16:00h e 20:00h
Entrada con convite
Organiza: AC Vagalume

III Xuntanza de Acordeóns
Local Social de Verdillo
17:00h
Organiza: AC Arume de Verdillo

ata o 31 de maio
XXVII Certame Fotografía ‘Xosé Manuel Eiris’
Entrega de premios e inauguración venres 25 de abril
Visita guiada o 7 de maio ás 19.30 h a cargo de Angel Cordero
Pazo da Cultura
(Sala exposicións andar 3)
Organiza: Concellaría de Cultura
Colabora: Fundación Luís Calvo e Interfilm Carballo

Venres 30
Grupo Teatro Ribeiras do Anllóns
Teatro afeccionado *‘Aquí non paga ningún’*.
Pazo da Cultura
21:00h
Entrada libre e gratuíta
Organiza AC Ribeiras do Anllóns

Sábado 31
Grupo Teatro Ribeiras do Anllóns
Teatro afeccionado *‘Vagalum City’ e ‘Operación barranco’*.
Pazo da Cultura
21:00h
Entrada con convite
Organiza AC Vagalume